

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI CRUZ DO SAR

CURSO: 4º ESO

MATERIA: ECONOMÍA

DEPARTAMENTO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

DATA: 11-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	B3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT
	B3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD
	B3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD
	B3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT
B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	B3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT
B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	B5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CSC
	B5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	CCL CMCCT CSC

	B5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CD CMCCT
B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	B5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CMCCT CSC
	B5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	CD CSC
	B5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	CAA CD

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Observación dos traballos da Aula Virtual - Revisión e valoración sistemática das tarefas que semanalmente a profesora elabora na Aula Virtual. - Valoración do avance individual do alumno, todas as tarefas serán avaliadas. <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de exercicios, traballos con textos, mapas, gráficas..., comprensión de vídeos explicativos, presentación da profesora, para a avaliación da terceira avaliación e a recuperación das avaliacións suspensas. - - Probas presenciais, se a situación o permite, se non telemáticas ou orais mediante videoconferencia gravada para a recuperación das avaliacións suspensas.
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> - Para os alumnos coa primeira e a segunda avaliación aprobada a nota da cualificación final calcularase mediante o seguinte sistema: <ul style="list-style-type: none"> • O valor da primeira avaliación será dun 60% e o da segunda será dun 40%, debido a diferenza de materia impartida nas dúas primeiras avaliacións. • Os alumnos coas dúas avaliacións aprobadas ou recuperadas poderán subir a nota como máximo 1'5 puntos en función da valoración das actividades realizadas durante a fase non presencial • En calquera caso este último apartado só servirá para mellorar a nota, nunca para empeoralala. - Os alumnos que teñan algunha avaliación suspensa farán unha recuperación, sobre os contidos impartidos durante as clases presenciais, que consta de dúas partes. <ul style="list-style-type: none"> • Valoración das actividades de recuperación que cada semana se colgarán na Aula Virtual cunha data de entrega: 40% da nota. Cualificarase a súa entrega en tempo, o seu grado de realización, a adquisición dos estándares de aprendizaxe..... • Exame: 60% da nota. Esta proba realizarase de forma presencial se é posible, de non poder, o exame farase por vía telemática, oral mediante videoconferencia gravada... • A recuperación da primeira avaliación xa foi realizada, polo tanto a nota máxima para a media da nova recuperación da primeira avaliación será de 5. • Os alumnos que teñan algunha avaliación suspensa tamén poderán facer as actividades da terceira avaliación e tamén lles poderá subir ata un 1'5 punto da nota, sempre que teñan recuperadas todas as avaliacións. - Na cualificación final o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 75 centésimas. - No caso de constatarse que o alumno fixo un exame fraudulento terá unha puntuación dun 0, o mesmo ocorre con traballos e actividades. No caso de que dúas persoas teñan exercicios ou exames idénticos serán anulados e as persoas implicados terán un 0 nesa tarefa.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Contéplase para aqueles alumnos cunha avaliación negativa en xuño unha proba extraordinaria en setembro. Os contidos avaliados na proba extraordinaria de setembro son os impartidos ata o 13 de marzo (ata o fin das clases presenciais).</p> <p>Esta proba realizarase de forma presencial se é posible, de non poder, o exame farase por vía telemática, oral mediante videoconferencia gravada...</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Elaborada polas profesora e presentadas na Aula Virtual (Moodle).Ejercicios, presentacións, vídeos, documentos, enlaces, esquemas, resumos, actividades do banco de preguntas da Aula Virtual...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> - Actualmente no centro non existe alumnado sen conectividade. - A profesora elabora traballo semanalmente para os alumnos. Xunto as actividades van instrucións para a súa elaboración, apuntamentos, vídeos explicativos, enlaces, ademais de videoconferencias para resolver dúbidas. - Tamén elabora, dentro do plan para reforzar a recuperación do alumnado con algunha avaliación pendente, actividades orientadas a súa recuperación. - Ademais mediante correo electrónico ou na propia Aula Virtual os alumnos poden consultar a súas dúbidas ou entregar actividades, e reciben a corrección das mesmas. Intentando conseguir a maior retroalimentación posible dentro do ensino virtual.
Materiais e recursos	Libro de texto, material elaborado pola profesora, presentacións, a propia Aula Virtual, Espazo Abalar, actividades de autoavaliación, servizo de videoconferencia cisco Webex, actividades do banco de preguntas da Aula Virtual...

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Para informar ao alumnado as profesoras utilizan a Aula Virtual, Abalar, correo electrónico coas familias e os alumnos e videoconferencias.
Publicidade	Esta adaptación vai estar publicada na web do centro e na aula virtual de cada materia.